

MINISTERIO DO INTERIOR

DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO

Mesa Delegada de Recursos Humanos

19.12.2023

OUTRO PARCHE NA INSTRUCCIÓN DE PRODUTIVIDADE

No día de hoxe fomos convocados a unha reunión exprés para dar o noso parecer sobre a última proposta que fai a DGT para “retocar” a instrución vixente de produtividade do organismo, antes de abordar (din que o ano que vén) a elaboración dunha totalmente nova.

Como xa ten acontecido en ocasións anteriores nas que non se chegou a acordo ningún, a modificación que propoñen consiste na redistribución dos cartos dos que se dispón, eliminando a chamada produtividade semestral e reducindo moi considerablemente o remanente anual, co obxecto de subir as cantidades mensuais para tratar de facer unha distribución que non penalice tanto a compañeiras/os que poidan ter unha baixa médica máis ou menos longa.

Desta vez recolleron unha das nosas reivindicacións, reducindo os grupos de Xefaturas para a percepción de CP2 e CP9 a únicamente dous, A e B, -tal como se ven facendo en CP3-.

A proposta da DGT contempla en CP2 unha contía para grupo B de 190 €/mes e A de 230 €/mes. Por CIG insistimos en que O MÍNIMO QUE PODERIAMOS CONSIDERAR PARA AVALAR ESTA PROPOSTA SON 200€ en adiante.

Pola DGT insistiron en que orzamentariamente é moi difícil achegar posicións, porque fixeran un esforzo xa en cadrar as contías para chegar a esta proposta. Porén, diante da nosa insistencia e dalgunha outra organización sindical que tamén coincidiron con nós, quedaron en facer unha nova revisión de contías e facérnola chegar.

Pola CIG quedamos entón en que aceptaríamos o parche de: MÍNIMO 200 €/MES en calquera complemento CP2 ou CP3 co compromiso de elaboración dunha nova Instrución de produtividade que supere a actual -amplamente desfasada- desde o comezo do 2024.

Por outra banda, informaron sobre as contías dos **remanentes** que se van percibir coa nómina de decembro: Persoal funcionario: G1: 1.299,57€. G2: 649,79. Persoal laboral: G1: 925,2€. G2: 462,6€.

Agardamos novas nos vindeiros días.

SEGUIREMOS INFORMANDO.